

Concello de Outes

EXPEDIENTES: 95/2020 e 102/2020

ASUNTO: SELECCIÓN PERSOAL LABORAL

DECRETO DE ALCALDÍA

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, Alcalde do Concello de Outes (A Coruña), na data que figura á marxe, dito a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES

Considerando que o Concello de Outes ten iniciado os seguintes expedientes administrativos:

- Expte: 95/2020, Selección 2 postos de tractoristas de servizos múltiples, iniciado en febreiro de 2020.
- Expte: 102/2020, Participación no Programa de Integración Laboral (en adiante PIL/2020), mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes durante o exercicio 2020 da Deputación da Coruña. Este procedemento iniciouse ó doce de marzo coa presentación da solicitude ante a antedita Deputación de participación no citado PIL/2020.

Considerando que no expediente PIL/2020, consta a concesión, mediante Resolución número 2020/13146, de 16 de abril da Presidencia da Deputación da Coruña, da axuda prevista para a contratación de cinco operarios de obras para a execución de traballos vinculados á prestación de servizos municipais recollidos no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local.

Considerando a publicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma en todo o territorio nacional por mor da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19. Esta situación prorrogouse mediante o Real decreto 476/2020, do 27 de marzo, por quince días máis, polo Real decreto 487/2020, do 10 de abril, ata o 26 de abril de 2020, e polo Real decreto 492/2020, do 24 de abril, ata o 10 de maio de 2020, nas mesmas condicións previstas no real decreto inicial.

Considerando que a disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, na súa redacción dada polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, refírese á suspensión de prazos administrativos, sinalando a suspensión de termos e prazos para a tramitación dos expedientes de todo o sector público

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Porén, a propia disposición prevé que as entidades do sector público poden acordar, motivadamente, a continuación daqueles procedementos administrativos referidos a situación estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

Visto que unha das excepcionalidades previstas no antedito Real decreto 463/2020 para continuar cos procedementos administrativos é a necesidade de cubrir o funcionamento básico dos servizos.

Considerando que os dous expedientes relacionados nos antecedentes afectan directamente aos servizos de prestación obrigatoria polo concello, tal como recolle o artigo 26 da xa citada Lei 7/1985, de bases de réxime local, xa que os tractoristas realizarán tarefas de limpeza de vías públicas municipais e os operarios do PIL/2020 realizarán todo tipo de traballos relativos ao mantemento e limpeza de infraestruturas básicas municipais.

Artigo 26 da Lei 7/1985 "1. Los Municipios deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:

- a) En todos los Municipios: alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población y pavimentación de las vías públicas.*
- b) En los Municipios con población superior a 5.000 habitantes, además: parque público, biblioteca pública y tratamiento de residuos."*

A vista dos antecedentes expostos:

RESOLVO

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

PRIMEIRO.- Autorizar a continuación dos seguintes procedementos administrativos:

- Expediente 95/2020: Selección 2 postos de tractoristas de servizos múltiples.

- Expediente 102/2020: Participación no Programa de Integración Laboral (PIL/2020), mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes durante o exercicio 2020 da Deputación da Coruña.

SEGUNDO.- Nos actos administrativos que se diten nos procedementos citados no apartado anterior, deberase facer mención expresa a esta Resolución.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto na disposición adicional octava do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, o cómputo de prazos para interpoñer recursos en vía administrativa ou para instar calesquera outros procedementos de impugnación ou reclamación, computarase dende o día hábil seguinte a data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tempo transcurrido dende a publicación ou notificación das actuacións administrativas que susceptible de recurso, polo que nas anteditas actuacións farase mención expresa a esta circunstancia.

CUARTO.- Publicar esta Resolución na páxina web corporativa www.outes.gal, para xeral coñecemento.

Outes, na data que figura á marxe.

O Alcalde,

Perante min, a Secretaria da Corporación,

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

D. Manuel González López

D^a. Míriam Naveira Dono

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

